

A PROFESORA LIRES LOGRA UNHA VICTORIA MORAL NO RECURSO CONTRA O DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA QUÍMICA POLO SEU DESPEDIMENTO

A PESAR DA VOTACIÓN DESFAVORABLE Á SÚA RECLAMACIÓN, O CONSELLO DE GOBERNO RECOÑÉCELLE IMPLICITAMENTE OS SEUS ARGUMENTOS Ó SE COMPROMETER A ELABORAR NORMAS QUE EVITEN SITUACIÓNS SIMILARES

Na orde do día do Consello de Goberno celebrado o 17 de setembro pasado figuraba a decisión sobre o recurso de alzada, presentado pola profesora Álvarez Lires, contra o acordo do Consello de Departamento de Enxeñería Química polo cal non se renovaba o seu contrato de profesora asociada para o presente curso académico.

Como xa informamos no *Grilo Dixital* de xullo-agosto, o devandito acordo era un exemplo de arbitrariedade xa que, malia as demandas de motivación do acordo e de que se establecesen uns criterios académicos obxectivos, como esixen as leis, o Consello de Departamento fixo caso omiso delas, baseándose nunha autodenominada “soberanía do departamento”, e ordenou unha votación, supostamente democrática, na que se decidiu non lle dar o informe favorable, preceptivo para a renovación do contrato.

A actuación dos responsables do departamento non parou aí, xa que non lle facilitaron á profesora, nin o Regulamento de réxime interno do departamento nin a certificación de acordos do consello para poder redactar o seu recurso de alzada. Produciuse, así, unha situación de indefensión que fixo máis feble a súa defensa ulterior.

Se ben o recurso de alzada foi desestimado, o debate e a propia votación do Consello de Goberno da Universidade de Vigo puxeron de manifesto a razón que asistía á profesora Lires para efectuar a súa reclamación e tiveron a virtude de marcar un antes e un despois nas actuacións deste tipo dos departamentos.

Na súa intervención diante do Consello de Goberno, a profesora Lires tivo ocasión de explicar que os seus méritos superaban os doutros profesores ós que lles renovaran o contrato, nomeadamente, o seu grao de doutora, a avaliación favorable do alumnado, a súa produción científica e o seu papel de artífice e coordinadora dun programa interuniversitario de doutoramento en Historia das Ciencias e das Técnicas, sen que xamais tivese recibido nin unha mínima queixa oral nin escrita polo seu labor profesional. Unha carta de apoio dun grupo de alumnos en contra deste atropelo do departamento, avalou, amais das enquisas, o labor docente da profesora Lires.

Ademais, a profesora leu un conxunto de sentencias do Tribunal Supremo e doutros tribunais, que abundaban na necesidade de xustificar os actos administrativos para non xerar indefensión, de acordo cos principios constitucionais. No seu recurso solicitaba, unicamente, que o Consello de Departamento motivase o acordo para o poder recorrer axeitadamente.

Desafortunadamente, o resultado da votación do Consello de Goberno —18 votos en contra do recurso, 11 votos a favor e 11 abstencións—, non permitiu a devolución do acordo ó Consello de Departamento, pero o debate tivo outras virtudes. Así, alzáronse voces a favor da profesora e da necesidade de elaborar normas que eviten actuacións arbitrarias dos grupos de poder dos departamentos para os casos nos que se produza unha diminución da carga docente, ata o punto de que o rector se comprometeu a elaboralas inmediatamente. Na nosa opinión, trátase dun recoñecemento tácito das razóns aducidas pola profesora Lires.

Outra virtude: a vicerrectora de Profesorado, preguntada sobre o particular, manifestou que o Consello de Departamento de Enxeñería Química puido, no seu día, elaborar uns criterios para puntuar o profesorado contratado e decidir, así, a quen se lle renovaba o contrato. Contradicía, desta maneira, as informacións do director do devandito departamento, que negara esa posibilidade na sesión correspondente, o que nos demostra que a decisión foi arbitraria.

Pola nosa banda, felicitamos a profesora Lires pola súa forza moral a prol do que ela denominou na súa intervención, “defensa da dignidade persoal e profesional e denuncia de

prácticas arbitrarias e productoras de indefensión”. No caso de que decida recorrer o acordo do Consello de Goberno, pola vía administrativa, contará con todo o apoio de CC.OO.

Se, tal como informou a vicerrectora de Profesorado, non se renovaron 55 contratos, e só reclamaron tres persoas, desde CC.OO. non nos queda máis que amosar a nosa fonda preocupación pola pasividade dunha boa parte da comunidade universitaria e dos propios afectados;pero, a pesar de todo, animamos a todo o profesorado que se vexa inmerso en situacións de arbitrariedade ou de irregularidades, a que faga valer os seus dereitos constitucionais mediante as reclamacións legais pertinentes. Unicamente desta maneira, sacándoas á luz, será posible rematar coas actuacións impunes dos grupos de poder, que potencian a submisión, a falta de criterio, que fomentan a mala imaxe da institución universitaria —que debe someterse ó marco legal vixente como calquera outra, alén de supostas “soberanías”, propias doutros tempos nos que a palabra democracia estaba proscriba.

En calquera caso, o compromiso do rector Docampo a prol do establecemento dunha normativa para tódolos departamentos sobre a renovación dos contratos, parécenos un logro importante propiciado polo recurso da profesora Lires; aínda que confiamos en que se poida negociar un Plan de Estabilidade no marco da LOU que impida que se repita a situación do curso 2001-2002.

Un último apuntamento con relación ó resultado da votación. Resulta abraiante que dous destacados sindicalistas da Xunta de Persoal, neste caso da CIG, non tiveran intervención ningunha no debate. Un deles, Pedro Membiela, abstívose; o outro, Enrique Costas, saíu da sesión, no momento da votación, a estirar as pernas.